



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Frades, en Sesión Extraordinaria do mércores 14 de maio de 2025, aprobou o seguinte ACORDO:

1º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA AXUDAS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE FRADES. EXPEDIENTE 2025/A002/000001

Dáse lectura proposta de acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA AXUDAS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE FRADES

EXPTE TEDEC: 2025/A002/000001

Á vista dos seguintes antecedentes:

- Proposta de Bases Reguladoras realizada polo departamento de cultura
- Informe de Intervención de fiscalización previa fase A.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en concordancia co artigo 56 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, o artigo 21.1.f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e na Ordenanza do Concello de Frades, propoño a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrência competitiva para Entidades Sen ánimo de lucro do Concello de Frades, co texto que figura no Anexo do presente acordo.

SEGUNDO. Aprobar o gasto con cargo a partida do orzamento 2025, aplicación 334 48000, importe de 33.450 €.

TERCEIRO. Rexistrar a información a incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria, do seu extracto e dos seus datos estruturados.

Tras rexistrar a información, a BDNS porá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación. Na publicación do extracto deberá constar o código de identificación que asigne a BDNS á convocatoria.

Publicar as bases no taboleiro da sede electrónica do Concello de Frades, unha vez publicado o extracto da convocatoria no BOP.

Os presentes acordos foron adoptado por unanimidade dos membros presentes na Xunta de Goberno Local.

A Secretaria

María Lourdes Castro Pena



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal